



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

**SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCION DE CULTURA**

Expediente: 2023000043693

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDE UNHA RESIDENCIA ARTÍSTICA MARIÑÁN MÚSICA
DO ANO 2024 AO GRUPO CANTOMETRICS EN SUBSTITUCIÓN DE ANTÍA MUIÑO SÁNCHEZ**

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

A resolución número 11796 do 22 de marzo de 2024 aprobou a concesión das Residencias artísticas Mariñán música do ano 2024, a catro artistas ou grupos entre os que figura Antía Muíño Sánchez, para o período do 15 al 20 de abril.

As Bases reguladoras das ditas residencias, publicadas no BOP número 16 de 22 de xaneiro de 2024, establecen na base 7 o seguinte:

7.3.- As persoas que resulten seleccionadas deberán confirmar a súa participación (a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), no prazo de 5 días contados dende o día seguinte á publicación da resolución concesión. En caso contrario, informarse ás persoas suplentes seguindo a orde de prelación considerado no proceso de valoración, que terán un prazo de 5 días para confirmar a súa participación.

A resolución de concesión das residencias foi publicada na páxina web da Deputación o día 22 de marzo de 2024, e no prazo de 5 días establecido nas bases que rematou o día 2 de abril, todos os residentes confirmaron a súa participación, excepto Antía Muíño Sánchez, que non confirmou a súa participación nas residencias a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Consecuentemente, informouse aos integrantes do grupo Cantometrics, nomeados primeiros suplentes na citada resolución número 11796 do 22 de marzo de 2024, que confirmaron a súa participación con data do 4 de abril, polo que procede concederlles a residencia artística Mariñán música para o período do 15 ao 20 de abril, en substitución de Antía Muíño Sánchez.

Así mesmo, a residente Susana Garrido Pombo comunicou ao Servizo de acción social, cultural e deportes que Francisco Rodriguez Casal non vai formar parte do seu grupo "Su Garrido Pombo" na Residencia Mariñán Música 2024.

Visto o informe do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder definitivamente as Residencias artísticas Mariñán música do ano 2024 ás seguintes participantes:

- Residencias do 15 ao 20 de abril:

Su Garrido Pombo

Susana Garrido Pombo

Marco Maril

Macarena Montesinos

Coral Piñeiro

Iago Ramilo

Cantometrics.

Nébeda Piñeiro Barros

Marina Fernández Vigo

Sandra Pérez Míguez

Francisco Barcia Trashorras

Luis José Sánchez Bolón

- Residencias do 21 ao 26 de abril:

Chumba

Alba Pego Cores

Martín Sampedro Rañó

aTorna

Gutier Álvarez Vázquez

Gabriel Álvarez Reboredo

Adrià Grandia Moreno

Segundo .- Nomear **suplentes ás seguintes participantes:**

1º suplente.-16mm

Macarena Montesinos Fandiño

Paulo Enrique Pascual Castro

2º suplente.- *High Paw*- Paula Herrero Presa

3º suplente.- *CRNDS* - Alberto García Cernadas

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.